

SABER DO

ENTROIDO

CEIP CARLOS CASARES VILARIÑO

O entroido é unha festa popular que marca a proximidade do fin do inverno. Aínda que esta celebración ten a súa orixe na época do imperio romano, posteriormente se vinculou ao cristianismo e déuselle ten un carácter de despedida da alegria e da permisividade, co fin de prepararse para os 40 días chamada “coresma”, na que hai que facer xaxún.

É a festa máis irreverente: pódense romper as normas, mudar a personalidade e ironizar sobre os gobernantes. Por iso, durante a época franquista estivo prohibido; mantívose vivo nas aldeas.

As datas nas que se celebra varían cada ano. Están en función das fases lunares: a primeira Lúa chea que teña lugar inmediatamente despois do equinocio de primavera, marca a Semana Santa; contando 40 días hacia atrás desde o chamado “domingo de Ramos”, temos o “mércores de cinza”, que marca o final do entroido.

É tradicional disfrazarse, moitas veces libremente, co obxectivo de divertirse.



Hai dúas vilas en Galicia, na provincia de Ourense, nas que no entroido saen ás rúas unhas personaxes moi especiais: son os **Peliqueiros**, de Laza e os **Cigarróns**, en Verín. Aínda que non son exactamente iguais, son moi parecidos.

A cabeza vai cuberta cunha caraute de madeira pintada de cores rechamantes, que se prolonga nunha especie de mitra de metal cun motivo animal ([león](#), [lobo](#), [boi](#)). Detrás leva unha pelica de [can](#), noutro tempo de [gato montés](#), [raposo](#) ou [lobo](#). Desta pelica venlle o nome de **peliqueiro** que se lle dá en [Laza](#).

O traxe está composto por unha camisola branca, gravata e unha chaquetiña curta da que colgan flocos dourados que van atados con lazos de tres cores..

Unha gran faixa vermella envolta á cintura suxeita o pantalón, quizais a parte más traballosa do traxe. Enriba da faixa vai o cinturón, feito de pel, do que colgan 6 cencerros de kilo e medio cada un, que en Verín se chaman “chocas” en Laza “chocallos”. As pernas do cigarrón van cubertas con medias brancas e ligas. Zapatos negros e un látego na man completan o atuendo.



Na mañá do domingo de entroido, desfilan os peliqueiros dando saltos que fan soar as chocas; hai que estar moi preparados fisicamente para aguantar estes desfiles; acaban coa cintura chea de moretóns. Ese día tamén desfilan as carrozas. Cos látegos, fustigan aos que invaden o seu camiño: o público, que debe ir disfrazado, mantense nas beirarrúas para non recibir lategazos.

Na mañá do luns, ten lugar a “farrapada”, unha batalla na que se usan trapos manchados de barro para pelexar.





Ese mesmo día, en Laza, pola tarde aparece a “Morena”, un veciño disfrazado cunha cabeza postiza de madeira con forma de touro e cunha manta; simula atacar ás mulleres, mentres os seus compañeiros tiran fariña con formigas ao público.

O martes de entroido, lese o testamento, que é unha crítica do ocorrido no ano que pasou.

Son outras figuras destacadas do Entroido galego:

➤os "Xenerais" da Ulla (Boqueixón, Vedra, A Estrada, Vila de Cruces, Silleda...),

En lembranza da Guerra da Independencia contra os franceses, organízanse dous exércitos, todos a cabalo e con uniformes imitando os traxes militares daquela época.



➤as "Pantallas" que percorren Xinzo,

Golpean dúas vexigas de porco ou vaca inchadas; atacan con elas a quen pasee por Xinzo sen disfraz, que recibe como castigo ter que invitar a uns viños.

A máscara que levan está feita de cartón, papel, fariña e auga, logo vai pintada e cólganselle uns flecos. Levan camisa e calzóns brancos, polainas negras e capa vermella. A oigual que os cigarróns e peliqueiros, levan chocas.




➤os "Boteiros" e "Folións" en Viana do Bolo,

O Boteiro ten que **danzar ininterrumpidamente**. Por iso é que a Pantalla, Cadro ou Mitra non pode presentar resistencia ó vento, permitíndolle ó personaxe facer o seu ritual, abrindo os brazos, tocando as esquilas, e demostrando a súa gallardía, elegancia e superioridade ante os espectadores.

O Cadro ou Mitra, xuntamente coa careta de madeira, vai embutido na cabeza do Boteiro e suxeito con correas, para así soporta-lo peso que na maioría das ocasións supera os **dez quilos**.

Constrúese cun **entramado de arame**, adornado con **papel de seda** picado de moitas cores; a maior altura, maior vistosidade, robustez e elegancia, que lle da ó Boteiro ese carácter de poderío e superioridade.



➤os "Volantes" en Chantada (Lugo),

Son homes que levan na cabeza os famosos "puchos", enormes gorros, estruturas moi pesadas –ata 15 kilos- feitas con paos de mimbre e das que colgan numerosas e coloridas cintas ou "colonias" anchas e longas. Sobre o puco se colocan bonecas e flores.

Outra componente importantísima do Entroido galego é a **gastronomía**: o lacón con grelos como prato forte, acompañado de doces como as orellas ou as filloas, son comidas típicas destas festas.

